
CARIDE GÓMEZ, J. A., TRILLO ALONSO, F. (Dirs.) (2010), Diccionario Galego de Pedagogía, Xunta de Galicia /Editorial Galaxia, Vigo.

Obedecendo a un proxecto de investigación planificado baixo a dirección e coordinación dos profesores Caride e Trillo, coa colaboración inmediata de outros sete profesores, responsables de distintas áreas temáticas, e co apoio de dúas documentalistas e unha secretaria técnica, podemos saudar a presenza do Diccionario Galego de Pedagogía, unha obra que, con formato de Diccionario, reivindica a súa feitura “galega”, coa intervención elaboradora de máis de cento cincuenta autores e autoras, na súa maior parte ligados ás Facultades de Ciencias da Educación existentes en Galicia. Unha obra colectiva que, por igual ou de modo substantivo reivindica o concepto de “pedagogía”, como netamente identificador do campo académico ao que se vinculan as distintas ciencias da educación. Estamos ante unha obra de máis de 600 páxinas de apretado texto, na que se reúnen 546 termos, 400 deles chamados para a ocasión “conceptuais” (cun límite constante de 600 caracteres) e 146 chamados “enciclopédicos” (cun límite de 1800 caracteres).

Unha obra que vai estar nos centros de educación e formación de toda Galicia, que é mostra dun estado de saberes e de preocupacións académicas e epistemolóxicas. Unha obra que significa un punto (e seguido) no desenvolvemento dos estudos pedagóxicos en Galicia, que mesmo poderá servir de mostra comparativa coa realidade da reflexión pedagóxica alén de nós. Un Diccionario conceptual implica sempre unha selección de contidos. E o *Galego de Pedagogía* tamén o implica. Deberán saber os lectores

que foi un non menor traballo a selección dos conceptos a “establecer” no presente caso por un equipo dunha ducia de persoas.

En relación coa historia da educación (baixo a nosa coordinación) identifícanse na obra algo máis de 30 entradas explícitas, que no seu conxunto, se desenvolven desde enfoques conceptualmente esixentes: autoexestión pedagóxica, educación humanista, e. integral, e. patristica, e. popular, e. progresiva, e. xesuítica, empirismo pedagóxico, ensino mutuo, escola activa, escola nova, escolástica, hª da educación, historiografía, hª da educación en Galicia, misión pedagóxicas, movementos de renovación pedagóxica, museismo pedagóxico, naturalismo pedagóxico, pedagogía antropológica, pedagogía Freinet, p. institucional, p. montesioriana, p. sistemática, p. socialista, positivismo pedagóxico, psicanálise e educación, e realismo pedagóxico, facéndose un percorrido a través das maiores expresións históric-educativas da cultura occidental.

O rigor e a linguaxe contida e precisa son asuntos que en todo momento se buscaron no conxunto da obra, que mantén, como é frecuente en obras deste tipo algunhas discrepancias e desigualdades, pero que é e será un valioso instrumento de consulta.

Antón Costa Rico

CUESTA, R., MOLPECERES, A. (2010), Retazos, memorias y relatos del Bachillerato. El Instituto Fray Luis de León de Salamanca (1931-2009), Publicaciones del Instituto, Salamanca, 386 pp.

Oitenta anos dun Instituto de Bacharelato dan para moita historia. A miúdo ollamos que cando unha institución académica

cumpre un certo ciclo da súa vida (25, 40, 50, 75, 100 ou 150 anos) xorde desde o seu interior un certo interese por facer memoria, unha memoria “institucional”, isto é, “conciliadora”, que agacha de ordinario a real e efectiva historia que máis comunmente, de aparecer, debe ser captada nos “entreliañas” apercibidos ou non polos autores e “escritores” do documento, porque se pensa que unha memoria histórico-institucional é un documento que reúne, por unha parte, a función de “escaparate” cara o exterior contemporáneo, nun mundo de exposicións múltiples ás imaxes distorsionadas, pero presentadas como naturais, e, por outra, a función de “espello” onde localizarse con imaxe amable os que configuran en particular o “corpo docente” da institución, no momento de ser trazada a “memoria”. De ordinario “desaparecen” as complexas dinámicas, os microgrupos, os conflitos ideolóxicos e organizativos, porque o desocultamento obriga a operacións analíticas e interpretativas de máis fonda atención investigadora, para os de dentro e para os de fóra, que poden obrigar, ademais, a un repensamento das dinámicas en curso, algo que non está de ordinario no código esperable a unha chamada memoria histórica institucional.

Máis, non sempre ten porque suceder así; en ocasión, como escribira dando título a un libro de boa difusión un coñecido xesuíta dos pasados anos setenta, “a vida sae ao encontro”. Ocorre con este libro, no que, como noutros de semellante calidade crítica, está a man esixente de Raimundo Cuesta, un dos motores intelectuais do Grupo dos Fedecarianos e do proxecto Nebraska.

Retazos, memorias y relatos é unha investigación histórica, dentro dos cánones

xerais de elaboración de tal produto intelectual. Certo. Pero de igual forma parte do proxecto pedagóxico actual e en curso do IES Luis de Leon, de modo que tamén é o produto colectivo dos profesores e alumnos implicados, que ao revisar a historia do centro mediante unha ollada dialéctica entre o que agora “sucede” e o que noutros momentos “sucedió”, realizada co auxilio de quen alí estiveron noutros momentos, estaban producindo coñecemento sobre eles mesmos. Construíndose como cidadáns críticos e con capacidade analítica e interpretativa da sociedade e das institucións que habitan, máis capaces pois para a súa oportuna transformación. Así, a narración histórica neste caso incorpora de modo central fragmentos expresivos da vida dun centro en conexión co máis amplo horizonte da historia da educación española, pois estamos ante unha investigación social e non debemos olvidalo. Non se trata dun rexistro máis ou menos logrado de “antigüedades”. Manexáronse, por isto tamén, “catorce entrevistas narrativas”, como “ecos e voces do pasado” para o resgate de memorias sometidas ao contraste.

Así se chegou a componer un texto con catro capítulos (cada un dos que toca unha época distinta), constituíndo cada un deles por medio dun texto narrativo sobre a historia da educación e a do Instituto, das transcricións das entrevistas dos vellos alumnos e da iconografía correspondente. Cos seguintes títulos dos capítulos: “Encrucillada de esperanzas e desolación (1931-1944)”, “Entre *azules imperiales* e tecnócratas *Dei* (1944-1974)”, “Mudanzas, transicións e reformas entre a tecnocracia e a democracia (1975-1985)”, e “O que vai de onte a hoxe: recordos e expectativas do alumnado entre dous séculos”, para chegar aos anos

máis recentes desta historia de vida, porque na vontade dos coordinadores “esta obra viene a ser una historia del presente, una explicación genética de los problemas de la educación secundaria y de la institución escolar hoy” (p. 7), “ao punto que estes problemas – de hoxe- se presentan como os motivos máis profundos dunha prospección do pasado que se efectúa a modo de xenealoxía dos problemas do presente”.

Temos, así, un texto profundamente dialéctico e interpretativo ao servizo de quen o construiu e dos lectores, un auxilio eficaz para a comprensión histórica e estrutural das interaccións contextuais dos individuos. Un tratamento diferente da materia histórica; non un obxecto de vitrina, senon un instrumento, unha panca, para a cidadanía.

Antón Costa Rico

RUIZ BERRIO, J. [Ed.]: *El patrimonio histórico-educativo. Su conservación y estudio*. Madrid, Biblioteca Nueva, 2010. 366 pp.

Unha das vías polas que transcorre actualmente con máis éxito a indagación histórico-pedagóxica refírese aos restos materiais e obxectos que se conservan do noso pasado educativo, aos estudos etnográficos sobre a escola doutro tempo, a saber relacionar os feitos educativos coa cultura específica na que eses feitos incidían e como se desenvolvían nun territorio e sociedade determinada. Durante moitos anos os historiadores da educación centráronse no estudo dos pensadores e das súas teorías, das innovacións escolares, da política educativa, das institucións, ou das minorías e grupos especiais, pero con

escaso uso doutras fontes que textos escritos ou fotografías. A irrupción das novas correntes de historia cultural levou a usar con máis frecuencia os métodos etnográficos, avaliacións de obxectos ou espazos arquitectónicos, ou realidades máis imperceptibles como o discurso que un profesor fai na clase, ou como se viviu nunha pequena escola rural un acontecemento mundial que deixou unha pegada indeleble.

A conformación dos actuais museos pedagóxicos, cuns obxectivos diferentes aos que con ese nome creáronse no século XIX, veñen a calmar unha inquedanza que fai anos se viña producindo entre os historiadores da educación, cando tiñamos que reconstruír o pasado educativo case exclusivamente con documentos, e con poucos referentes aos utensilios ou espazos físicos concretos. Nos últimos tempos, como di Cristina Yanes, o material e os obxectos pasaron de ser elementos inertes a ocupar un lugar importante no discurso reflexivo-interpretativo, acadando novos significados mediante unha análise comprensiva e crítica, o que sen dúbida ten revolucionado os procedementos e conformación de hipóteses para moitas investigacións, porque hoxe moitos relatos históricos tenden a reconstruírse e presentarse como relatos case fílmicos ou en tres dimensións cos que as persoas tratamos de acadar unha relación interactiva, e non só como un discurso pechado nun libro.

Este conxunto de iniciativas que se están a desenvolver dende fai anos, empezan a dar os seus froitos en publicacións, coma a do volume que agora comentamos. Nada menos que catorce estudos que coordina o profesor Ruiz Berrio, a quen se debe este empeño por dar á luz os traballos que actualmente están desenvolvéndose,